



ÍNDICE

Unha compañeira especial.....	2
Letras Galegas 2013.....	3
Correlingua en Monforte.....	4
ANPA Actividades.....	6
Carballo de Cartelos.....	7
Cartas de amor.....	8
PuntoGal.....	9
Actividades2013.....	11
Sejamos maleducados.....	14
Música con refugallos.....	15
Gémeos de nós?.....	16
O Apóstolo	17
Semana de Poesía	20
Departamento de Francés	23
Sentenza do TSXG.....	24

Foto de portada: **Raquel Ledo** (1º de BAC B)

Imaxe de contraportada: **Candela López Lemos** (3º ESO A)

UNHA COMPAÑEIRA ESPECIAL

Hai persoas que pousan cada día ao noso lado e escasamente percibimos a súa presenza, son anecdóticas, esquencibles, prescindimos delas facilmente nas nosas vidas. Outras simplemente aparecen e, ao pouco tempo, convértense nunha compañía necesaria. Non porque busquen protagonismo, é máis ben ao contrario, somos nós quen as necesitamos porque nelas reside o verdadeiro sentido de palabras como: **autenticidade, compañeirismo, intelixencia, responsabilidade e amizade** ... Todo isto é Paz Gayoso, una compañeira na que as cualidades se levan de maneira natural e sinxela como Rafa Nadal leva una raqueta de tenis. Quizais aí radica o segredo do seu atractivo e a confianza e admiración que esperta en nós.

Ninguén coma ela é capaz de facernos rir con anécdotas intelixentes que nunca son ofensivas; de expresar o descontento nas nosas reunión con franqueza e sen resentimento; de dicir que hai persoas que en vez de pensar coa cabeza fano cos ...

Traballar con Paz Gayoso é un privilexio, para nós, como tamén o é tomar un café ou, simplemente, conversar con ela. Paz é das persoas que sempre se quedan, coas que sempre se pode contar.

Unha compañeira que nos deu leccións de humildade, lucidez e franqueza.

Querémoste! Que a vida sexa tan xenerosa contigo como ti o es con todos!

Felicidades dos teus compañeiros e compañeiras!

P.D.T.

Se Paz guiara o exército roxo, este nunca quedaría nin vencido nin desarmado.



LETRAS GALEGAS 2013

Roberto Vidal Bolaño naceu no barrio santiagués de Vista Alegre en 1950. Empezou a traballar dende moi novo, aos 12 anos, en diversas empresa da súa cidade. Pronto se sentiu atraído polo teatro e a cultura galegas e, en 1974, funda o grupo “Antroido” coa súa compañeira Laura Ponte. En 1978, tras ser despedido do banco no que traballaba, converte ao grupo na primeira

Foi tamén o director da primeira superprodución do Centro Dramático Galego coa estrea en 1984 de “Agasallo de sombras”. Ao longo da súa curta vida exerceu todos os oficios relacionados coa escena: autor, director, intérprete, guionista, actor de cine e TV... Acadou moita fama participando en películas e series de televisión: Sempre Xonxa, A lingua das bolboretas, Mareas vivas ...)

Durante toda a súa traxectoria vital e artística mantivo un forte compromiso coa lingua galega e a cultura do noso país, cos humildes e marxinados da sociedade, aos que quixo representar nas súas obras loitando contra o poder.

Dos numerosos artigos aparecidos na prensa con motivo da homenaxe que se lle rende no Día das Letras Galegas, seleccionamos algunhas opinións sobre o noso autor, incluíndo a do seu fillo Roi Vidal, publicadas no semanario Sermos Galiza, e tamén algún textos do propio RVB:


1.-“Sobre todo, apostaba por una dramaturxia da liberación, que fixese pensar ao espectador.”(**Xosé Manuel Fernández Castro**)

2.-“Todo grande artista goza cando lle chega o momento da súa asunción pola comunidade, dunha imaxe que o define e pola cal é recoñecible. A imaxe de ROBERTO Vidal Bolaño é a dun home de sombreiro e bigote, cun cigarro n aman e un globo vermello no nariz. Cada un deses atributos fala, ou podería falar, dunha parte persoal dese artista multifacético que é RVB. Máis por riba de todos eles domina o carácter teatral e bufonesco do nariz de pallaso.”(**Roi Vidal**)

3.-“Na súa permanente vontade de dotar a Galiza dun teatro propio forte, autónomo e non subsidiario, Roberto Vidal Bolaño traballou na procura dunha poética teatral de noso que chegase a toda a cidadanía, mais tamén denunciou a falta de compromiso, o desleixo e indiferenza duns gobernantes galegos que, baixo a aparencia de defenderen os valores tradicionais do país, impedían a mantenta calquera posibilidade de modernización ou alargamento das fórmulas propias de produción e consumo de bens culturais -tamén teatrais- que puxesen en perigo a preveza en Galiza dos repertoremas españois.”(**Carlos Caetano Biscainho Fernandes**)

4.-“No baile, se liberamos a mente movemos o cu no medio da pista; e aquí, se perdemos medos e prexuízos, se deixamos de ser guiados, leremos este autor e asombrarémonos de que o descoñecésemos até o día de hoxe.” (**Paco Macías**)

5.- “Non existe pobo con alma sen poetas que o canten, sen creadores que busquen ser expresión do seu ser e estar no mundo. Os dramaturgos son uns deses poetas que ao longo dos séculos viñeron dándolles



carta de natureza ás grandezas e miserias de cada pobo, de cada cultura. E ningún deles deixou de escoitar o eco desas súas voces das mil maneiras en que se manifestan, nin tan sequera o pobo e a cultura galegas.” (Roberto Vidal Bolaño, 2003.)

6.- “Non acostumo a preguntarme por que demos escribo. E moito menos por que estrañas circunstancias o que escribo pretende ser teatro e non outra cousa, ou por que o fago nesta ou naquela lingua. Sucede e basta. Pero cando, malia todo, xorde a ditosa pregunta, as respostas non sempre me gustan ou amoréanseme sen orden nin concerto por múltiples e dispersas. Creo que escribín por demasiadas razóns diferentes. Ás veces, incluso contrapostas. Por que si, por hixiene mental, por cambiar o mundo, por contribuír á liberación das camadas populares galegas, por encarga ás veces, por vaidade case



sempre, por aburrimiento, por gañar algún premio, por despeito ... ou porque ese ano á túa compañía tócalle producir una de risa para cubrir perdas ... (RVB, 2003)

7.- “... empecei a traballar moi novo, aos doce anos acabados de cumprir. En Recambios Balsabas, de aprendiz de administrativo pasei a aprendiz de dependente ... Despois do dos recambios pasei ás viaxes e traballei nunha axencia que había na esquina do desaparecido edificio Castromil, Viaxes Cantabria, penso que se chamaba. Botar oito ou dez horas ao día entre o remuíño de xentes e aconteceres que era daquela o edificio Castromil, para min, entón era como estar no centro do universo. Moitos dos personaxes das miñas obras son a lembranza de canto alí vin e vivín, tendo apenas quince anos.” (1997)



8.-“ O do nariz é outra cousa. Unha manía que vén de vello e que non sei moi ben a onde leva. A primeira vez que se me deu por aí foi para tentar acalar os choros dunha miña irmá de dous anos. Aquel foi o meu

primeiro fracaso como comediante (eu debía ter 10 ou 12 anos daquela). Máis adiante faríao ... eu que sei ... por chulería, para facerme notar e chamar a atención.

Hai uns anos ocorrúseme facelo para denunciar un conselleiro de Cultura que andaba impoñendo vetos e por ver de sacarlle as cores a algún que outro compañeiro por non poder facer nada para impedirlo ...

Eu sempre fun un tipo raro, sabes? (...) Aínda poñéndome a facer o pallaso (...) non sempre o fago para facer rir, como é o seu natural. Ás veces fágoo só para molestar. (2002 *Sen ir máis lonxe*)

9.- Hai tesouros de ouro e prata. Hainos metidos nun saco que se volven de carbón se non es quen de levalos enteiros para a casa, ou con figura de caveira mitrada que se alimenta de palabras escritas, a ser posible de contos e novelas de aventuras. Hainos feos ... hainos guapos ... Pero o mellor tesouro é ter historias que contar e nenos que queiran soñar con elas.

“En Chantada en galego, en Galiza en galego”



OS GOLGOROTOS DO IES A PINGUELA DE MONFORTE GAÑAN O CONCURSO DE REDACCIÓN DO MANIFESTO 2013

Os Golgorotos. (4º da ESO A e B do IES *A Pinguela* de Monforte.)

A miña lingua é segura,
O falar non ten cancelas
Unha casa sempre aberta
Que todos debemos protexer.
A miña lingua é miña nai
É honroso ter unha lingua
Fermosa, digna, que abre portas
Que non ten chaves, que nada pecha,
Ela mesma é a chave do mundo.
A miña fala é o máis importante,
Debo honrala cando a uso
Sentirme orgulloso de tela
Por ser o meu carné de identidade.
O galego é unha lingua con historia,
O galego é unha lingua honorábel,
É unha lingua con pasado, con memoria
Con prestixio e con tradición formidábel.

Do seu pasado glorioso no medievo
Debemos sentirnos en débeda
E propoñernos fortemente devolverlle
a importancia que nunca debeu perder.
Loitemos xuntos por fortalecela
Fagamos visíbel esa chave de ouro

Que nos abre todas as portas do mundo,
E ofrecerémoslle un futuro digno.
Soñemos que somos os dignos fillos
Da nai patria que todo nolo entregou,
Defendamos esta cultura e esta fala
Que coas súas bágoas protexeu
E en herdanza nos legou .
O galego é unha lingua con historia,
O galego é unha lingua honorábel,
É unha lingua con pasado, con memoria
Con prestixio e con tradición formidábel.





É unha lingua con pasado, con memoria
 Con prestixio e con tradición formidábel.

Propoñamos como bandeira
 A defensa da nosa lingua
 Poñamos a nosa alma en falala
 Que o noso corazón sexa o galego,
 Que o brillante azul do noso mar
 Sexa o brillo da nosa lingua
 Sexamos nós valorosos soldados
 Que loitan con pacífica arma
 Que leda sae dos nosos beizos,



O adestrador do Deportivo Fernando Vázquez participou no Correlingua da Coruña
 Non a deixaremos morrer,
 Sempre estaremos á súa beira,
 Mesmo coa propia vida gardaremos
 A importante chave que temos .
 O galego é unha lingua con historia,
 O galego é unha lingua honorábel,
 É unha lingua con pasado, con memoria
 Con prestixio e con tradición formidábel

Sexamos herdeiros merecentes
 Da fala de rosalía, do pobo de Pondal
 Do progreso de curros, da poesía social
 De Celso Emilio, dos contos de Ánxel Fole,
 Da patria que amou o artista Castelao,
 Da imaxinación prodixiosa de cunqueiro,
 Da nova narrativa galega, do noso teatro,
 E até do códice Calixtino
 E doutros mil nomes máis da nosa literatura,
 Pero non debemos quedar só aquí,
 Os soños poden ser realidade.
 Debemos saír das tristes tebras,
 Das néboas para poder ver lucir o sol.
 O galego é unha lingua con historia,
 O galego é unha lingua honorábel,

O CEIP Otero Pedraio de Amoeiro, Ourense, gañador@s do concurso de Banda Deseñada do 2013



A ANPA do IES Lama das Quendas organiza as súas primeiras actividades

A **Asociación de Nais e Pais de Alumnos** do IES Lama das Quendas, de recente creación, ven de organizar unha das súas primeiras actividades.

Programa de inmersión lingüística en Inglaterra



Esta consiste nun programa de inmersión lingüística no Reino Unido para os alumnos deste centro que quixeron parctipar, en colaboración co departamento de Ingles.

A viaxe, na que participarán un total de 33 alumnos da ESO e BAC será na segunda quincena do vindeiro mes de xullo a Stratford-upon-Avon, cidade perto das de Birmingham e Oxford e cuna do escritor ingles William Shakespeare.

Esta actividade terá tanto un carácter lectivo como de lecer; pola mañan os rapaces terán clases de ingles e

Royal Shakespeare Theatre

pola tarde excursións e actividades complementarias pola propia cidade e a outras cercanas, incluso se baralla a posibilidade de visitar Londres.

A estadía será nunha residencia para rapaces cuxa idade está comprendida entre 11 e 17 anos, a donde acodirán tamén outros estudantes procedentes das mais variadas nacionalidades coa idea de que tamén sexa un intercambio intercultural cuio nexo de unión será o idioma de Shakespeare.

Intercambio de libros para o vindeiro curso

Noutra orde de cousas, e a nivel informativo, a Asociación está programando a convocatoria dun intercambio de libros para o vindeiro curso académico 2013/2014. Este intercambio ten como finalidade a creación dun fondo de libros para o seu aproveitamento entre cursos. Esta iniciativa parte da idea dun uso mais racional e económico da bibliografía así como darlles a maior utilidade posible entre os alumnos dos diferentes cursos académicos.



VISITA AO CARBALLO DE CARTELOS

Os alumnos de 3ºESO C e os de Bioloxía de 1º de Bacharelato visitamos este carballo (Quercus robur) o día 19 de maio e queremosvos dar algúns datos curiosos deste descoñecido xigante.

Atópase nun precioso bosque, o do Pazo de Cartelos de Car-balledo

Para abrazar o seu perímetro fomos precisos once de nós (uns 11'75m para os técnicos)




Fotografías de Raquel Ledo

A súa idade supera a da maioría dos monumentos históricos (ten máis de 1500 anos)

A pesar de todos estes increíbles datos....Cantos o coñecemos no noso centro?

Resultados da enquisa aos alumnos de ESO do IES que coñecen o Carballo de Cartelos



CONCURSO DE CARTAS DE AMOR SANVALENTÍN 2013

1º PREMIO

Meu amado:

Non pode existir na miña alma un amor tan sinxelo, fondo e limpo como o teu.

Meu amante, meu amigo, dono da miña vida; porque es ti a razón do meu ser, só sinto o sangue fluír polas veas cando ti acaricias cun percorrer sinuoso, a pel do meu corpo, a muller que se esconde ás horas do sol móstrase espida á luz dos teus ollos, só para ti son eu, certa, verdadeira, porque soubeches chegar ao fondo do meu corazón,



con amor sinxelo, e roubáchesme os sentidos.

A min, que non me faltou nunca a cordura, fásme estar ida.

O percorrer das horas, cada minuto, cada segundo, pásoos pensando en ti. Que fas, onde estás? Cánto falta para vernos?

Cegada, ás veces, por uns cismas sen motivo, poño trabas para que non saibas, que tes o meu corazón aberto para ti e na soidade deixo que as bágoas reguen as miñas meixelas, por medo a perderte.

Síntome fráxil e insegura, inmerecente dun agarimo desmedido que me abrasa, e dóeme non saber a intensidade do teu amor, non saber ata onde podemos ir, e cando imos chegar.

Teño dúbidas das túas dúbidas, pero, sobre todo, teño carencia de ti. Faise pouco o tempo que gozamos xuntos, porque sei que todo acaba, non sempre porque se esgote o amor, senón que se esgota a vida.

Se hei de morrer que sexa abrazada a ti, enchéndome do teu sabor e sentindo as túas caricias na miña pel.

Túa por sempre

Amelia Ledo Vence (E.S.A.)

2º PREMIO

Neste mundo ti máis eu estamos sos. A soidade pode ser doce ou amarga, pero esta é claramente o segundo; unha amargura que nin come nin deixa comer. Un constante vai e vén que é sen ser nada. Encadeados de por vida un ao outro e ao mesmo tempo tan distantes; tan amantes. Ti a alma e eu o corpo, eu a razón e ti o erro, compartindo un mesmo anhelo, camiñando por sendas paralelas que algún día se han de atopar. Ámbolos dous seguindo unha estrela que endexamais se vai a ocultar e que ha de perturbar o

*e se llo dis
en galego?*

qrt m8

noso camiño, ata chegar, por fin, por sorte ou desdita, a abrazarnos como a auga e o aceite. Neste intre no que o lume e o gas se tocan, non haberá explosión nin unha chama sequera, porque por moito que a física afirme a atracción dos polos opostos, nin a auga nin o aceite se mesturan, nin as liñas paralelas se cruzan nin tampouco as estrelas poden alterar o destino de dúas persoas que nin se buscan nin se queren atopar, maila iso a súa vida segue, como seguen as cousas que non teñen moito sentido.

Ana Ledo Piñeiro (2º Bacharelato B)



3º PREMIO

Querida ti:

Hoxe esperteime pensando en ti, soñei contigo. Almorzo e penso como sería a miña vida contigo ao meu lado. Dúchome e vou para o traballo e imaxino como sería marchar todos os días co teu bico de despedida. Estou sentado na oficina e ogallá chegase unha chamada túa para preguntarme como estou.

Volvo a casa, canso, despois dun día tan duro de traballo e o meu maior desexo e que ao entrar pola porta me reciba o teu sorriso. Sería o momento máis alegre do día.

Esta é a rutina de todos os días.

Bótote moito de menos, dende que te fuches falto eu. Ti eras eu. Eras a única persoa que me facía ser mellor e que facía que eu quixese ser mellor. Agora todo da igual: esperto, como, traballo e chego á casa todos os días cunha gran cantidade de alcol en sangue. Pero sempre pensando en ti.

Aínda recordo o día en que me dixeches que me querías, e eu a ti. Aínda te recordo todas as mañás ledas ao espertar coa túa cariña de Anxo. Aínda recordo os agarimos, as discusións de nenos e os nosos bicos con lingua de adolescentes. Amor, recordas? Sempre te chamaba amor. Sigo pensando en ti e cada día apértame máis o puñal da túa ausencia.

Sempre teu

Eu

Alba Sampayo Pulido (2º Bacharelato B)

puntoGAL estima que este verán emitirase a avaliación inicial da ICANN ao dominio de Internet para o galego

A candidatura do dominio de Internet para a lingua e cultura galega (o .GAL) non recibiu ningunha obxección por parte dos gobernos representados na ICANN -o ente que goberna a Internet- e xa deu varios pasos importantes cara a súa aprobación inicial. A Asociación puntoGAL, quen presentou a candidatura en nome da comunidade lingüística e cultural galega, estima que antes de que remate o verán coñecerase o resultado da avaliación inicial ao dominio.

A ICANN acaba de publicar a lista final de candidatos a novos dominios sobre os que pende algunha queixa formal por parte da ICANN. Grazas ao apoio de toda a sociedade galega a candidatura, o .gal non figura nesa lista.



puntoGAL tampouco está na lista, publicada hai uns días, de candidaturas sobre as que os gobernos que participan na ICANN expresan dúbidas. Neste sentido, o .gal logrou o respaldo das administracións locais, autonómicas e estatais.

Moderadamente optimista sobre o veredicto inicial

Ademais, ningún outro candidato solicitou as letras "gal" para o seu dominio e non hai ningunha outra candidatura para a lingua e cultura galegas.

Con todo estes datos sobre a mesa, a Asociación puntoGAL é moderadamente optimista sobre o veredicto inicial que emitirá a ICANN sobre a candidatura para a lingua e cultura galegas.

Prazos

De acordo aos prazos anunciados polo organismo internacional, o resultado preliminar debe ser publicado nos próximos meses, en todo caso antes de que remate o verán. Este prazo cómpre ser tomado con prudencia, pois ICANN incumpriu os seus calendarios en ocasións anteriores, aínda que nesta oportunidade todo indica que se cumprirá o anunciado.

De feito, xa comezou a publicar os resultados iniciais dalgunhas candidaturas. A orde pola que se publican eses resultados iniciais está determinada polo resultado dun [sorteo](#) previo, no que .gal obtivo o posto 742 das 1.917 candidaturas.

De superar a avaliación inicial que proximamente publicará ICANN, a Asociación comezaría os traballos para que o dominio estea dispoñíbel na Rede cara final do presente ano.



Apoios e agradecementos

O .gal está respaldado por máis de 13.700 persoas e 110 institucións de todo o país; entre elas figuran os organismos máis relevantes da cultura galega (Real Academia, Consello da Cultura. etc.), as tres universidades, ducias de asociacións culturais de base, vinte asociacións de emigrantes baseadas en Europa e América, empresas tecnolóxicas, medios de comunicación, etc.

puntoGAL conta ademais co importante apoio da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) da Xunta de Galicia, goberno que colaborou coa candidatura continuamente dende o seu nacemento. A Asociación puntoGAL quere agradecer, unha vez máis, o apoio de todos os particulares, empresas e institucións que apostan polo dominio para a lingua e cultura galegas. (Información da páxina web www.puntogal.org)

ACTIVIDADES NO LAMA DAS QUENDAS DURANTE O CURSO 2012-2013



Xogos populares na celebración do Magosto



Carreira solidaria



Xogos colaborativos



Club de Lectura



Club de pais



Premio Relato Banda Sonora



Premio San Valentín



Foto gañadora



Concurso de Murais "Magosto 2012"



Exposición de cogumelos



Gañadora Concurso Fotográfico



Obradoiro de Portugués



Tarxeta de Nadal



A viaxe a Dinamarca do alumnado de BAC na prensa



Visita a El Progreso



Concerto de Santa Icia

Sejamos mal educados

Segunda, 07 Janeiro 2013 10:58 (Por Valentim Fagim)

Muitos de nós retemos na retina aquele cartum do Quino onde miúdos naturalmente diferentes, deslocando-se numa fita transportadora, entravam num edifício para acabar por saírem do mesmo perfeitamente homogeneizados. O edifício em questão era um centro educativo.

A maioria de nós passou uma média de 12 anos no sistema escolar obrigatório o que pode dar para várias dezenas de docentes diferentes. São muitos. O que me sempre me chamou a atenção é que nenhum deles me descobrisse que a língua da Galiza era mundial, nem que fosse por acaso, nem que fosse numa aula mais distendida do habitual, sequer como um comentário ao ar para completar os 55 minutos preceituados de docência. Costumo colocar essa pergunta ao público nos ateliês e palestras em que participo para constatar que o meu caso, infelizmente, é o mais alargadamente comum.

Ora, o que sim ficou no meu disco rígido enquanto estudante era que o castelhano era mundial. Era falado em muitos países, com formas diferentes, mesmo muito diferentes mas isso ia em benefício da sua riqueza. Esta focagem formava e forma parte do currículo escolar e dos manuais obrigatórios. É o que todos e todas mamamos. No entanto, no caso do galego o esquema é diferente. Ambas as atitudes transparecem num site que se tornou de obrigada consulta, a wikipédia.

Se pegamos na versão em espanhol lemos:

Como en cualquier lengua, especialmente cuando se distribuye por un dominio geografico extenso, el espanol presenta diversas variedades internas que permiten distinguir a sus hablantes segun su pronunciacion, sus construcciones gramaticales y su vocabulario.

as variedades geograficas del espanol difieren entre si por multitud de razones. En aspectos de vocabulario, se dan notables diferencias especialmente en determinados ambitos semanticos, como la nomenclatura de las frutas y verduras, vestimentas y articulos de uso cotidiano.

A metáfora podia ser um vasto horizonte que se mostra infinito.

Se apanharmos a versão em galego ilg-rag a focagem é uma outra:


As diferenzas entre galego e portugues xa proveñen do galego medieval, onde en textos antigos xa se comeza a confundir as sibilantes xordas coas sonoras, conservadas en Portugal, asi como outras pequenas variacions en morfoloxia (disso fronte a disse..).

A metáfora podia ser um muro que não deixa ver nada mais que o nosso umbigo.

É por isto que devemos ser mal-educados e saltar este muro. Não só os alunos e alunas que num galego mundial vão ser mais felizes e vão receber mais benefícios como também as professoras e professores nomeadamente porque vão fazer um grande serviço a pessoas de cuja educação são responsáveis.

INSTRUMENTOS FEITOS CON MATERIAL DE REFUGALLO

Quen dixo que co lixo non se podía facer Música? Velaquí uns exemplos feitos en 4º de ESO:



Guitarra de bidón, madeira e puntas. Shamisen feito con madeira e tela.

Metalófono feito con latas de comida para gatos, un lápiz e unha canica.



Salteiro feito con madeira, puntas e puntas.restos de partituras.

Baixo de madeira, un testo e puntas. Guitarra feita cun bidón, madeira e



Kalimba de madeira e pinzas.

Birimbao de salgueiro, unha lata e sedal.

Batería de bidón, caixa e prato

Gêmeos de nós? – são os da Galiza!

Antevê-se uma jornada histórica, no dia 14, para a Língua Portuguesa... na Galiza. Seja qual for resultado desta iniciativa, o trabalho desenvolvido até aqui faz-nos testemunhar num movimento sem precedentes de afirmação da Língua de Camões, Pessoa e Castelão. O parlamento regional da Galiza discute no dia 14 uma proposta de lei de iniciativa popular, subscrita por 17.000 pessoas, de "aproveitamento do potencial" da língua portuguesa nesta região autónoma espanhola.

Milhares de galegos reclamam o aproveitamento da língua portuguesa e estreitam os vínculos com a lusofonia, sensibilizando o governo galego para incorporar "no prazo de quatro anos, a aprendizagem da língua portuguesa em todos os níveis de ensino regrado" que "terá especial reconhecimento para o acesso à função pública e concursos de mérito". Milhares e milhares de galegos estimulam o relacionamento "a todos os níveis" com os países de língua oficial portuguesa como "um objectivo estratégico" do governo galego.

Finalmente, os galegos pretendem que o seu governo regional tome "quantas medidas forem necessárias para lograr a recepção aberta em território galego das televisões e rádios portuguesas mediante Televisão Digital Terrestre".

Existe a feliz expectativa dos quatro grupos parlamentares votarem esta proposta, tendo em conta que o "português nascido na velha Gallaecia" é hoje um idioma de trabalho de vinte organizações internacionais, de nove países e de Macau, na China.

Acresce aos argumentos, a potencialidade económica do Português para as empresas e organismos públicos galegos porque se trata de vantagem linguística, um valor que evidencia a importância mundial da Língua e o crescente papel de blocos como a Comunidade dos Países de Língua Portuguesa.

Mais uma vez, depois da dinamização da Região europeia transfronteiriça, para aceder aos fundos comunitários, são os galegos a fazer mais por nós que nós próprios. Mais uma vez, depois da luta contra a forma de cobrança das portagens nas SCUT's, são as forças vivas da Galiza a dar valor à nossa Língua e à nossa pátria.

Por cá, exigimos propinas para aprender a Língua de Camões e limitamos as condições para a sua aprendizagem. Finalmente, quando em Portugal a Televisão Digital Terrestre deixa muitos sem acesso aos nossos canais abertos, os galegos podem vir a ter melhores condições de recepção dos canais de televisão portugueses.

Na Galiza, desde 1963, celebram os grandes vultos da sua língua, como Rosalia de Castro, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Eduardo Pondal, Francisco Añón Paz, Manuel Curros Enríquez, Florentino López Cuevillas, Xoán V. Viqueira Cortón, Luís Amado Carballo, Martim Codax, Joham de Cangas e Meendinho ou Valentín Paz-Andrade.

E nós? Camões, Pessoa e pouco mais já nos sossegam o apetite. Oxalá, os galegos destruam o nosso fastio e nos despertem do tédio.



*O Equipo de Dinamización da Lingua Galega organizou unha proxección da película **O Apóstolo**, do director santiagués Fernando Cortizo. A promoción e difusión do cinema en galego segue a ser un dos principais obxectivos do noso departamento e, pese ás moitas dificultades que atopamos, todos os anos levamos aos nosos alumnos a ver unha película en galego. Dada a lamentable situación do sector audiovisual, non sabemos ata cando o poderemos facer; nós, seguiremolo intentando.*

O Apóstolo é unha película espectacular, cen por cen artesanal, ambientada no Camiño de Santiago e que contou cun orzamento de 5 millóns de euros. O aspecto máis novidoso está na técnica empregada na súa



realización. Primeiro rodáronse as escenas con actores reais e logo créanse os movementos artesanais a través de stop-motion, nun longo proceso que durou dous anos e no que participaron 200 profesionais. É a primeira película europea feita con este sistema

Alumnado de 2º da ESO que asistiu á proxección de O Apóstolo

Nesta ocasión contratamos a proxección da película na sala de cine de Leiro, un pequeno concello da provincia de Ourense próximo a Rivadavia, con menos de 2.000 habitantes e que, dende hai trinta anos, conta cunha sala de cine.

Argumento: Un preso que acaba de fugarse do cárcere intentará recuperar un botín agochado anos atrás nunha solitaria e apartada aldea do Camiño de Santiago; pero o que alí vai atopar suporalle unha condena aínda maior da que fuxiu. Sinistros anciáns, estrañas desaparicións, espíritos, un peculiar sacerdote e ata o mismísimo arcipreste de Santiago cruzaranse no seu camiño nunha historia de suspense, humor e fantasía.



Fernando Cortizo (Santiago de Compostela, 1973), da os seus primeiros pasos a mediados dos noventa coa realización da curtametraxe en 8 mm "O monstro de la oro, O ladrón de bonecas, Bucowski, ou Promesa) interesándose e especializándose na técnica de animación stop-motion. En 2009 comeza a produción da que será a primeira longometraxe "O Apóstolo", sendo a primeira película europea en stop-motion estereoscópico. Para o proxecto consegue involucrar a técnicos procedentes das



maiores producións mundiais así como ao músico norteamericano Philip Glass.

Carlos Blanco é un actor consagrado no territorio autonómico e nacional. Traballou no cine, na televisión e no teatro, ademais de ser autor e director. Do seu traballo no cinema destacan os papeis en *Unha muller invisible*, (Gerardo Herrero, 2007); *Hotel Tívoli*, (Antón Reixa, 2006); *Volver*, (Pedro Almodóvar, 2006); *Cargo*, (Clive Gordon, 2006); *O lapis do carpinteiro*, (Antón Reixa, 2003) ou *O alquimista impaciente*, (Patricia Ferreira, 2002). Por

outra banda, participou na curtametraxe "Leo" como actor de dobraxe (Fernando Cortizo, 2007). Recibiu o premio Mestre Mateo á mellor interpretación masculina en 2005 polo seu traballo en "Heroína" (Gerardo Herrero, 2005). Carlos Blanco é Ramón, un convicto recentemente fuxido de prisión que trata de recuperar un antigo botín coa intención de deixar dunha vez por todas o mundo da delincuencia. Pero a súa curiosidade levarao a meterse en líos cada vez maiores ata que o seu problema xa non será cambiar de vida senón sinxelamente conservala.



Jorge Sanz debutó profesionalmente en 1979 cando apenas tiña dez anos, en "La miel" de Pedro Masó. A súa espontaneidade e naturalidade diante da cámara servíronlle para converterse nun dos actores precoces máis habituais das pantallas españolas. Candidato en seis ocasións aos Premios Goya, conseguiu en 1989 polo seu papel en *Si te dicen que caí*, que tamén lle reportou o seu primeiro Fotogramas de Prata. Na película representa a Pablo, axudante do arcebispo de Santiago e verdadeira voz da razón. É o contrapunto e único freo do arcebispo. É a cara vocacional da fe e, ao final, será a súa boa actuación a que salve a Ramón dunha desgraza segura.

Paul Naschy foi actor, guionista, director e produtor. Segundo explicaba el mesmo, decidiu dedicarse ao cine de terror tras ver as películas *Frankenstein* e *O home lobo*. A encarnación que fixo de numerosas figuras do cine de terror clásico como de home lobo, de xorobado, de conde Drácula, de momia... reportáronlle o calificativo d'O Lon Chaney español. Paul Naschy é o arcebispo de Santiago. Personaxe egocéntrico, altivo e non falto de vicios, a súa única preocupación ao longo da película será atopar a comisión da Virxe de Lourdes que ven peregrinando desde Francia para entregarlle a medalla de ouro e diamantes de dita congregación. Pero o seu egocentrismo acabará



Geraldine Chaplin é filla dun dos máis famosos actores do cinema mudo, Charles Chaplin, en 1963 Geraldine Chaplin interpreta o papel da Cincenta no Teatro dos Campos Elíseos. Ese mesmo ano protagoniza a súa primeira película, *Os mil días de Ana Bolena*, á que lle segue un papel destacado en *Doutor Zhivago*, de David Lean, cuxa rodaxe empeza a xustificar o seu arraigamento en España. Así mesmo, tamén traballou en diversas películas con Carlos Saura. Geraldine Chaplin é Dorinda, outra anciá habitante da aldea. Será a encargada de acoller a Ramón na súa primeira noite. É unha señora amable e atenta, aínda que tamén pouco transparente nas súas verdadeiras intencións.





Xosé M. Oliveira (Pico) é don Cesáreo, un personaxe escuro e cheo de misterio. É o cura párroco, líder dos aldeáns e cerebro de toda a conspiración que acontece no pobo desde séculos atrás. A chegada de Ramón vai pór en perigo a estabilidade dos seus plans.



Celso Bugallo é Celso, un dos anciáns do pobo e man dereita de don Cesáreo. Celso ten unha misión clara dentro da perfecta organización que lidera Don

Cesáreo. É o encargado de captar peregrinos cara a aldea de Xanax e detrás da súa amabilidade agóchanse escuras intencións.

Isabel Blanco é Isabel, unha peregrina alemá que acaba no pobo maldito de Xanax xunto co seu esposo.



O director, Fernando Cortizo, acompañado dos principais protagonistas da película (Carlos Blanco, Luís Tosar e Jorge Sanz) e os bonecos que os representan.

(Información da páxina web oficial da película: www.oapostolo.es)

SEMANA DA POESÍA

Unha das actividades máis novidasas e orixinais que se realizan no Lama das Quendas é a Semana de Poesía que organiza o Departamento de Lingua Galega. Este ano viñeron ao noso instituto a poeta luguesa María Reimondez (1975) e o moañés Xosé Daniel Costas (1981). Da primeira, publicamos un poema extraído do seu libro “Moda Galega” (2002)

Camelias: Cindarella

A miña mirada divídese
Entre a noite da cabaza
E a cabaza do día a día.
Cindarella. Cinsenta.
O escaparate ten
unha harmonía perfecta.
Dun lado o traxe
que ás doce
se trocará
no da esquerda.
O traxe do rescate,
desa eterna espera
polo príncipe
agora anovado
en loiros, rubios e morenos
de publicidade.
Dúbidas filosóficas da miña infancia:
¿Por que as boas sempre son guapas?
¿Por que nunca mandou ás irmás toma-lo
aire?
¿Por que as madrastas son todas malas?





unhas escaleiras?
¿Por que o príncipe só se fixa nela cando
vai disfrazada?
E, a fin de contas,
¿quen quere un príncipe como
recompensa?
O mellor foi o meu abraio
ó le-la versión dos Grimm
cos pés cortados e paxaros detectores de
sangue,
¿e todo iso por un príncipe calquera?
¡Como nos pesa
a boa da Cinsenta,
centos de anos
enfocados cara á procura
do príncipe azul!
Tantas de nós atrapadas
e eu en loita coas miñas ganas
de utiliza-lo vestido de noite
para andar por casa
e deixar que o príncipe
faga terapia
da síndrome
de rescatador frustrado.

Uf,
custoume o meu traballo
e un vestido de veludo azul
de mil pesetas
xenial para limpar.
A el non sei cómo lle irá.
*COLECCIÓN DE OUTONO INVERNO. AS
RÚAS II*
María Reimóndez, 2002, *Moda galega*,
Santiago: Edicións Positivas

¿Por que o feitizo só dura ata as doce?
¿Como é que o zapato só lle servía a ela?
¿Como se pode perder un zapato por

ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Poden consultarse as actividades realizadas pol@s alumn@s de todos os cursos na páxina web: fleurdelysgm.blogspot.com

4º ESO

CHASSES AU TRÉSOR:



UNE REGION FRANÇAISE, Lidia Vázquez Torres.

LA CORSE par Yolanda González Frenández et M^a.de los Angeles Domínguez Martínez

LYON - RHÔNE-ALPES par Borja Eiriz García et Silvia Fernández Pérez

LE SPORT EN FRANCE par Ignacio Meijide Fernández

PÉTANQUE ET FOOTBALL EN FRANCE par Abel Cidre Vence



SYMBOLES DE FRANCE par Uxía López Rodríguez et Belén Lamas Rodríguez



LA MUSIQUE FRANÇAISE, UN GLOGSTER DE ROSANA ET NAZARETH

MUSIQUE FRANÇAISE

Sentenza do TSXG: O galego terá que regresar á educación infantil das cidades

Esta tarde coñeceuse a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza sobre o recurso contra o “decreto do plurilingüismo”, chamado polas comunidades educativas como “decretazo contra o galego”. A pesar de que son varias as demandas presentadas contra esta norma legal, o TSXG informa hoxe da realizada pola Mesa pola Normalización Lingüística, xa que foi tamén a primeira en se interpor.

O TSXG admite que son contrarios a dereito dous dos artigos claves desta norma legal imposta polo PP contra o criterio de todos os sindicatos, todas as organizacións estudantís, todos os movementos de renovación pedagóxica e (excepto unha) todas as asociacións de nais e pais de Galiza. O aspecto fundamental desta resolución xudicial é que se tomba o artigo 5.2 do decreto, relativo á consulta en educación infantil. O TSXG tamén elimina o artigo 12.3 ao que cualifica como “ilegal”, xa que permitirlle “ao alumnado a utilización do castelán malia que sexa o galego a lingua en que se imparte a área, materia ou módulo, contradí aquel mandato, xa que non facilita a adquisición da destreza esixida ao alumno na lingua propia desta Comunidade Autónoma desde o momento en que se lle permite que non fale ou escriba na lingua galega cando é esta a propia da área, materia ou módulo

Noutros aspectos do articulado do decreto, aínda que o Tribunal considera que o galego debería ter “un trato diferenciado sobre o castelán nunha proporción razoable” para garantir a igualdade entre os dous idiomas oficiais, avalía máis decisións políticas cuestionábeis outras das decisións adoptadas pola Xunta. (Artigo da páxina web da MPNL)

A noticia na prensa:

O TSXG tomba o artigo do “Decretazo contra o galego” que supuxo o varrido do galego no 96% dos centros de infantil das cidades. (A Mesa)

A Xunta recorrerá as sentenzas do decreto e culpa a oposición de ter que acudir aos tribunais (Praza Pública)

CIG e A Mesa denuncian que a Xunta gaste cartos públicos para recorrer sentenzas que amparan a lingua galega

O Tribunal considera que debería outorgárselle ao galego “un trato diferenciado sobre o castelán nunha proporción razoable”. (A Mesa)

Rexeitamento frontal ao recurso da Xunta que tenta "aumentar a desprotección do galego" (Praza Pública)

O TSXG bota abaixo a consulta do PP ás familias sobre o uso do galego no ensino (Sermos Galiza)

A Academia recorre en casación a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (ProLingua)

